

ANEXO III

ACTA PROVISIONAL DE SELECCIÓN DE ALUMNADO

REF: PROXECTO ERASMUS+ Nº 2023-1-ES01-KA121-VET-000147461

Reunida a comisión avaliadora do centro educativo _____,
con código de centro _____

ACORDA:

- 1.- Aplicar o baremo indicado no anexo I para a selección das persoas participantes nas mobilidades que se realicen ao abeiro do proxecto arriba referido.
- 2.- Gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas pola Dirección Xeral de Formación Profesional no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.
- 3.- Que as persoas deste centro **seleccionadas** para participar nunha mobilidade Erasmus+ ao abeiro do proxecto arriba referido son:

Orde	Apelidos, nome	Puntuación
1		
2		
3		
4		
5		
6		
...		

- 4.-Que as persoas deste centro **excluídas** para participar nunha mobilidade Erasmus+ ao abeiro do proxecto arriba referido son:

Apelidos, nome	Causa da exclusión

5.- Segundo o artigo 10.3 da resolución de convocatoria, ábrese un período de 3 días naturais, **contados a partir do día seguinte ao da publicación desta acta no taboleiro de anuncios**, para que as persoas interesadas formulen as reclamacións que estimen oportunas ante a comisión avaliadora.

E para que así conste, asínase o presente documento en _____ a _____ de
_____ de 2024

O/A presidente/a da comisión avaliadora

O/A secretario/a da comisión avaliadora

Asdo.:_____

Asdo.:_____

Criterios de selección

A selección do alumnado realizarase en cada centro educativo de acordo aos seguintes criterios:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media do ciclo formativo completo no caso das persoas tituladas recentes e a nota media do primeiro curso do ciclo no resto de casos.

- Nota media inferior a 6: 1 punto.
- Nota media comprendida entre 6 e 7: 2 puntos.
- Nota media maior que 7 e inferior a 9: 3 puntos.
- Nota media igual ou superior a 9: 4 puntos.

2. Coñecemento do idioma do país de destino ou do idioma de traballo (máximo 4 puntos):

- Certificación de nivel B1: 1 punto.
- Certificación de nivel B2: 2 puntos.
- Certificación de nivel C1: 3 puntos.
- Certificación de nivel C2: 4 puntos.

3. Entrevista persoal (máximo 4 puntos):

- A comisión avaliadora realizará unha entrevista á persoa candidata na cal se valorarán as aptitudes e actitudes persoais en relación coas actividades a desenvolver durante a mobilidade, o grao de responsabilidade, a capacidade de traballo en equipo e a capacidade comunicativa.
- De non se presentar á entrevista, entenderase que a persoa aspirante renuncia á bolsa, polo que a súa solicitude será desestimada.
- Deberase obter unha puntuación mínima de 2 puntos neste apartado para poder ser seleccionado/a.

4. Persoas participantes con menos oportunidades (2 puntos).

Considéranse participantes con menos oportunidades os/as que se encontren nalgunha das seguintes situacións (axuda non acumulativa se presentan máis dun perfil):

- Ter sido beneficiario dunha bolsa de estudos de carácter xeral da Administración Xeral do Estado para realizar estudos universitarios e outros estudos superiores no curso inmediatamente anterior ao que se realice a mobilidade.
- Ter a condición de refuxiado ou con dereito a protección subsidiaria ou ter presentado solicitude de protección internacional en España.
- Ter recoñecida e cualificada legalmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cen.

5. Criterios de desempate.

No caso de empate seguirase a seguinte orde de prioridade:

1º- Ás persoas solicitantes con menos oportunidades.

2º- Ás persoas solicitantes que nunca participaran en mobilidades do Programa Erasmus+.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.